

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE FRIOL PARA A MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE ROIMIL. FRIOL (LUGO).

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, José Ángel Santos Sánchez, titular da alcaldía do concello de Friol, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

1. O 30.10.2025 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Friol para a mellora do sistema de saneamento e depuración de Roimil. Friol (Lugo).
2. Debido a causas alleas á vontade do Concello de Friol, existe unha demora na execución das obras subvencionadas, polo que non é posible dar cumprimento ao disposto nas cláusulas cuarta (libramento dos fondos e réxime de xustificación) e oitava (vixencia do convenio).



3. Tendo en conta a complexidade das actuacións e os prazos previstos para a súa execución é necesario ampliar o prazo de xustificación e vixencia do convenio.

Por todo o exposto, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado modificando a cláusula cuarta (libramento dos fondos e réxime de xustificación) e a cláusula oitava (vixencia do convenio) do convenio de colaboración nos seguintes termos:

1. A cláusula cuarta do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

CUARTA. LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

En canto ao réxime de xustificación, o concello ten de prazo ata o 15 de decembro de 2025 para presentar a documentación establecida no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Ademais o concello obrígase a:

- a) Achegar un informe de xustificación e execución dos traballos que inclúa fotografías deles, no que se reflecta o estado antes do inicio, durante a execución e unha vez finalizada a obra. Indicarase se foron executados con medios propios do concello ou a través da contratación a terceiros. Neste último caso xuntaranse as facturas correspondentes e, de existir, documento de recepción da obra por parte do concello.*
- b) Achegar a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de acordo co establecido no artigo 8 do*



Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

- c) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto deste acordo.*
- d) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención obxecto do presente convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.*
- e) Reintegrar a Augas de Galicia, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da subvención establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.*
- f) Asumir as obrigas que para os beneficiarios de subvencións recolle o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.*

En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializarase mediante a transferencia dos fondos precisos ao concello, no prazo dun mes desde a presentación pola entidade local da rendición da conta xustificativa antes mencionada, conforme ao estipulado neste convenio e na lexislación aplicable. A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta bancaria da que o concello sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



A concesión da subvención obxecto deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, será compatible con calesqueira outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

2. A cláusula oitava do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025 e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan pendentes as obrigas nel recollidas para cada unha das partes.

3. A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mais o resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coa cláusula desta addenda, as partes asinan de maneira electrónica este documento.

